

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061 E A AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO PARA O FOMENTO DA FORMACIÓN EN RESUCITACIÓN CARDIOPULMONAR E INCREMENTO DA CAPACITACIÓN NO USO DE DESFIBRILACIÓN SEMIAUTOMÁTICA.

Vigo, 18 de maio de 2021

REUNIDOS

Dunha parte,

D. JULIO GARCÍA COMESAÑA, presidente do Servizo Galego de Saúde, na súa condición de presidente da FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA - 061, de acordo co establecido no Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e no artigo 13 a) dos estatutos da fundación, aprobados por Decreto 276/2001, do 27 de setembro, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte,

D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA, maior de idade, con D.N.I. 36.049.165T, Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, domiciliada en Vigo, Praza da Estrela, 1, con CIF Q-3667002-D, actuando en nome e representación do indicado Organismo Público, cargo para o que foi nomeado por Orde da Consellería do Mar de 20/11/2020 (DOGA nº 240, de 27/11/2020) e Orde TMA/1143/2020, de 27/11/2020 (BOE nº 316, de 03/12/2020), en uso das funcións que lle confire o artigo 41.2 a) da Lei 27/1992, de 24 de novembro, de Portos do Estado e da Marina Mercante, modificada parcialmente pola Lei 62/1997, de 26 de decembro.

Ambas partes, na representación invocada, recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente acordo de colaboración e a tal efecto,

MANIFESTAN

I.- A morte súbita por parada cardíaca (PC) representa un problema prioritario para a saúde pública. Calcúlase que en España se producen anualmente cerca de 24.500 PC, o que supón unha cada 20 minutos. Cada minuto que pasa calcúlase que a supervivencia das persoas que sufriran unha PC redúcese nun 10%. Nos casos nos que a PC é causada por



unha fibrilación ventricular (FV) ou unha taquicardia ventricular (TV) sen pulso, a desfibrilación eléctrica precoz é o único tratamento eficaz, sendo a súa precocidade o factor que máis contribúe na supervivencia dos/das doentes. A maioría das PC prodúcense en presenza de testemuñas. A experiencia acumulada nos últimos anos demostra a efectividade da desfibrilación precoz na recuperación dun ritmo cardíaco eficaz. Por outra parte, a realización precoz de manobras de reanimación cardiopulmonar (RCP) por testemuñas, alarga o tempo no que a desfibrilación é efectiva, e demostrou dobrar a supervivencia nos/nas doentes que padecen unha PC extrahospitalaria.

II.- A FPUSG-061 ten por obxecto a realización de actividades de xestión, coordinación, consultaría, docencia e investigación, prioritariamente en materia de atención extrahospitalaria en caso de emerxencia e urxencia sanitaria, así como no campo dos coidados críticos e na atención sociosanitaria, promovendo a eficacia, eficiencia e a seguridade do sistema sanitario.

Entre as finalidades estatutariamente previstas atópanse a xestión e coordinación das demandas de asistencia sanitaria en casos de emerxencia ou urxencia, a organización e asesoramento en materia de dispositivos sanitarios preventivos e asistenciais, así como a colaboración coas administracións públicas, corporacións, entidades ou particulares en canto teña incidencia ou sexa de interese para a consecución dos obxectivos fundacionais.

III.- A Comunidade Autónoma de Galicia foi pioneira na lexislación e implantación de desfibriladores externos semiautomáticos (DESA) no estado español, coa primeira regulación legal do uso de DESA por persoal non médico mediante o Decreto 251/2000, de 5 de outubro, polo que se regula a formación inicial e continua do persoal non médico que o capacite para o uso do desfibrilador semiautomático externo, derogado posteriormente polo Decreto 99/2005, de 21 de abril, polo que se regula a formación e o uso de desfibriladores externos por persoal non médico, o cal á súa vez tamén foi derogado polo vixente Decreto 38/2017, de 23 de marzo, polo que se regula a instalación e o uso de desfibriladores externos fora do ámbito sanitario, e créase o seu rexistro.

IV.- A Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, a través da FPUSG-061, xestiona un programa de colaboración cidadá na atención da PCR na vía pública denominado "Acude e Axuda", que busca a axuda cidadá para mellorar a supervivencia das vítimas afectadas mediante a coordinación de persoas voluntarias dende a central de coordinación da FPUSG-061.

V.- A Autoridade Portuaria de Vigo ten entre as súas funcións a obriga de coidar da saúde e seguridade dos/das seus/súas traballadores/as de acordo co establecido no Convenio



Colectivo e na demais normativa de aplicación, así como de velar pola seguridade das persoas usuarias das súas instalacións.

En consecuencia, de conformidade co exposto, ámbalas dúas partes formalizan este acordo de colaboración no campo da formación, o uso e localización de DESA e a colaboración co programa "Acude e Axuda", de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente acordo de colaboración, é cardioprotexer o Porto de Vigo, así coma a súa contorna, mediante a promoción da formación e difusión do coñecemento das técnicas de RCP, con atención especial ao incremento do persoal formado e capacitado para o uso do Desfibrilador Externo Semiautomático, así coma a súa incorporación ao Programa "Acude e Axuda",

Segunda.- Desenvolvemento da actuación obxecto do Convenio.

1. A Autoridade Portuaria de Vigo, comprométese a instalación estratéxica de dispositivos DESA no recinto. Pola súa parte, a FPUSG-061 elaborará unha memoria que analice os espazos e recursos do Porto de Vigo para levar a cabo unha distribución o máis eficiente posible dos mesmos.
2. As persoas que reúnan as características de formación requiridas para o uso do DESA, tal e como se recolle no Decreto 38/2017, do 23 de marzo, e previo consentimento, debidamente formalizado por escrito, poderán participar no programa "Acude e Axuda". As partes establecerán, segundo os recursos dos que dispoñan, a maneira máis segura e efectiva de remitir os datos persoais das persoas voluntarias, todo elo con explícito e estrito cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Terceira.- Protección de datos.

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE, así como a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, ambas partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e



documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente acordo e ao deber de gardalos, sin que poidan ser utilizados para usos diferentes aos previstos no mesmo, facendo constar de maneira expresa que velaran polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán incluso despois de concluídas as relacións derivadas do presente acordo entre as partes.

Cuarta.- Financiamento.

O presente acordo de colaboración non supón ningunha carga económica para as partes asinantes.

Quinta.- Vixencia e modificación.

Este acordo de colaboración entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia de 4 anos, de conformidade co disposto na letra h) do Art. 49 da Ley 40/2015, de 1 de outubro, podendo ser prorrogado por anos naturais por acordo expreso das partes, ata un prazo máximo de catro anos, sempre que sexa manifestado con anterioridade a data de finalización, de conformidade co disposto na mencionada normativa.

Sexta.- Resolución do acordo

Serán causas de resolución do presente acordo de colaboración, as seguintes:

1. O común acordo das partes asinantes do mesmo, que se formalizará por escrito.
2. A denuncia formulada por calquera das partes por mor do incumprimento das obrigas previstas no presente acordo. A denuncia esixirá un escrito motivado dirixido á comisión mixta de seguimento, remitido con, polo menos, tres meses de antelación á finalización do período de vixencia previsto no acordo de colaboración.
3. O transcurso do prazo de vixencia do acordo sen acordar a prórroga do mesmo.
4. A imposibilidade, legal ou material, de dar cumprimento ás súas cláusulas.
5. A vulneración do deber de de confidencialidade sobre os datos de carácter persoal ou de calquera outra obriga derivada da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Sétima.- Comisión Mixta de Seguimento.

1. Para o seguimento e execución deste acordo de colaboración crearase unha Comisión Mixta de Seguimento que será o mecanismo de seguimento, vixilancia e control dos compromisos adquiridos polos asinantes e estará composta por catro representantes, dous designados pola FPUSG-061 , e dous designados pola Autoridade Portuaria de Vigo. As



decisións da Comisión tomaranse por consenso. Esgotada razoablemente a posibilidade de alcanzar o consenso entre os seus membros, os acordos adoptaranse por maioría dispoñendo o Presidente de voto de calidade, sendo este o/a director/a da FPUSG-061.

2. A citada Comisión terá como funcións o impulso, seguimento, interpretación e execución do acordo; a iniciativa sobre a conveniencia ou necesidade de introducir modificacións á redacción do acordo; a resolución das incidencias ou diverxencias que puidesen xurdir na interpretación e execución do mesmo, así como aclarar as dúbidas que lle poidan consultar, analizando e formando criterio de solución para todos os aspectos e supostos que relacionados coa finalidade do acordo, déanse na práctica e non fosen previstos na súa regulación.

3. No seu funcionamento a Comisión rexerase polas disposicións aplicables aos órganos colexiados, previstas nos artigos 15 a 22 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Resolución de controversias.

As dúbidas ou controversias que xurdan entre as partes sobre os efectos, interpretación, modificación ou resolución deste acordo que no podan resolverse por conciliación na Comisión Mixta de Seguimento, serán sometidas aos tribunais competentes da xurisdición contencioso-administrativa.

Novena.- Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno.

A firma deste acordo de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración Pública Autonómica Galega poda facer públicos os datos de carácter persoal, así como calesquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Asemade a subscrición, extinción, prórroga ou modificación deste acordo deberá ser comunicada polo organismo público Autoridade Portuaria de Vigo, ao Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación ao que se refire a disposición adicional sétima da Lei 40/2015, do 1 de outubro, ao tratarse dun convenio formalizado coa unha entidade dependente da Administración General del Estado



Décima.- Natureza xurídica.

O presente acordo de colaboración ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.


En proba de conformidade, asinan o presente documento, e a un só efecto, na data sinalada na sinatura electrónica do documento.



Pola FPUSG-061

Julio García Comesaña

Pola Autoridade Portuaria de Vigo



Jesús Vázquez Almuiña